

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

ARTIGO 1. - O presente texto apróbase en exercicio da potestade regulamentaria e tributaria recoñecida ao Concello de Cortegada -na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial- nos artigos 4-1-a) e b) e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co previsto nos artigos 15 a 27 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se proba o Texto refundido da Lei reguladora da facendas locais e Disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria.

ARTIGO 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable como servizo municipal, explotándose por conta e en beneficio deste Concello, incluído o dereito de enganche de liñas.

ARTIGO 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeneral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos aos que se refire esta ordenanza. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, as que se poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4.- Base imponible e liquidable.

A base do presente tributo estará constituída por:

- No abastecemento de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.
- Nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial, vivenda individual.

ARTIGO 5. Cota tributaria

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada nos importes e tarifas contidas no apartado seguinte.

2.- Na presente taxa rexerán as seguintes cantidades e polos conceptos que se indican:

Concepto	Euros
2.1. Por dereitos de conexión ou enganche á rede	185,00
2.2. Cota de servizo mensual	1,00
2.3. Por consumo:	
a) Consumo de ata 10 m3/mes:	0,25 €/ m3
b) Consumo de 11 a 20 m3/mes:	0,30 €/ m3
c) Consumo de 21 a 40 m3/mes:	0,40 €/ m3
d) Consumo de 41 a 60 m3/mes:	0,50 €/ m3
e) Consumo de máis de 60 m3/mes:	0,70 €/ m3

3. Nas anteriores tarifas por consumo e na cota de servizo non se entende incluído o IVE, que se factura aparte.

ARTIGO 6. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora da facendas locais, non se recoñece ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de lei.

ARTIGO 7. Devengo.

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da

alta no padrón, caso no que se devengará a partir dese mesmo momento.

ARTIGO 8. Liquidación.

A) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade.

- Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarse a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen presuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servizos periódicos:

Practicarase unha liquidación trimestral ao 31 de marzo, 30 de xuño, 30 de setembro e 31 de decembro.

ARTIGO 9. Ingreso.

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestalo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público. Para os efectos da súa cobranza, por parte do Concello formarase un padrón no que figuraran os contribuíntes, do cal se dará publicidade, a efectos de reclamacións. O pagamento da dita taxa efectuarase no momento de presentación, ó obrigado a realizalo, do correspondente documento cobradorio, para o cal, os servizos do Concello efectuarán a correspondente lectura de contadores. As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario e a súa prórroga faranse efectivas pola vía de constrinximento, consonte coas normas do Regulamento xeral de recadación.

ARTIGO 10. Infraccións e sancións.

1.- A falta de pagamento do recibo trimestral levará consigo a suspensión automática do abastecemento de auga, previo aviso ao usuario. A rehabilitación do servizo farase despois do paga-lo adebedado, con novos dereitos de acometida.

2.- Igualmente, será suspendido o servizo no caso de que fose negada a entrada no domicilio ao encargado das visitas de inspección ou cando o usuario utilice a auga para os usos prohibidos a que se refire o artigo seguinte. A rehabilitación do servizo levará consigo o pago de novos dereitos de acometida.

3.- En todo o demáis, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

ARTIGO 11º. Normas de xestión.

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos fixados na ordenanza.

- Toda autorización para aproveitar o servizo de abastecemento de auga levará aparellada a obriga de instalar contador, debendo ser individual para cada vivenda, e colocarse en sitio visible e de fácil acceso, para que permita a clara lectura do seu consumo. O contador poderá ser facilitado ou homologado polo Concello. Se o facilítase o Concello, o abonado satisfará o prezo de custo.

- O abastecemento de auga a domicilio confírelle ao usuario do servizo a facultade de consumir auga para usos domésticos ou industriais, entendéndose por usos domésticos tódalas aplicacións para atender ás necesidades da vida e hixiene persoal, como a bebida, preparación de alimentos, lavado de roupa, limpeza persoal e doméstica... Por uso industrial entendese a subministración de auga a calquera local que non teña a consideración de vivenda, incluíndose neste concepto, aquelas actividades instaladas ou anexas á vivenda, como cortes, adegas, tendas ou bares.

- Quedan prohibidas as utilizacións de auga da rede xeral de abastecemento para regar xardíns, fincas, ou lavado de automóviles con manguera de presión. Non obstante, durante as épocas de abundancia de auga, a Alcaldía poderá autorizar tales usos mediante Bandos xerais, sempre que quede garantido o abastecemento domiciliario ou industrial.

- O Concello, por medio dos seus empregados e axentes, ten o dereito de inspección e vixilancia das conduccións, instalacións e aparellos, tanto en vías públicas ou privadas como en fincas particulares. Ningún abonado poderá oporse á entrada nas súas propiedades para a inspección do servizo, que deberá

levarse a cabo en horas de luz solar, salvo casos urxentes, a xuízo da Alcaldía. A facultade conferida no punto anterior entendese limitada ás tomas de auga da rede xeral e á posible existencia de enxertos ou derivacións non controlados, como usos distintos dos autorizados, así como ás defraudacións en xeral.

- Tódalas obras para conducir a auga, da rede xeral á toma do abonado, serán de conta deste, se ben, realizarase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello indique.

- O Concello, en ningún caso garante a cantidade da subministración, que sempre terá o carácter de precario para os usuarios, así como tampouco responde nin se responsabiliza dos posibles danos, prexuízos ou deterioros que puidera causar nos bens dos mesmos a falta ou insuficiencia de caudal de auga.

- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION DERROGATORIA

Á entrada en vigor da presente Ordenanza Fiscal quedarán derogados na súa anterior redacción o Texto articulado aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 14 de novembro de 1998 e publicados no Boletín Oficial da Provincia de data 31 de decembro de 1998, así como a última modificación das Tarifas aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión de data 16 de novembro de 2007 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 299, de data 31 de decembro de 2007.

DISPOSICION FINAL

Primeira. No non previsto especificamente nesta ordenanza estarase ao disposto na Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeneral tributaria, nos Regulamentos de recadación e inspección e na demais normativa de aplicación.

Segunda. A presente Ordenanza, cuxo texto foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día xx de xxxx de 200x, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2011, para ser aplicada unha vez efectuada a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.